

**ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA
CURSO 2019-2020**

**CENTRO: IES EDUARDO PONDAL
CURSO: 1º BACHARELATO
MATERIA: BIOLOXÍA-XEOLOXÍA
DEPARTAMENTO: CIENCIAS NATURAIS
DATA: 06 de maio de 2020**

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Critério de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.2. Distinguir bioelemento, oligoelemento e biomolécula	BXB1.2.1. Identifica e clasifica os bioelementos e as biomoléculas presentes nos seres vivos.
B1.3. Diferenciar e clasificar os tipos de biomoléculas que constitúen a materia viva, e relacionalos coas súas respectivas funcións biolóxicas na célula.	BB2.2.2. Analiza a relación entre a composición química, a estrutura e a ultraestrutura dos orgánulos celulares, e a súa función.
B2.1. Describir a célula como unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos, e distinguir unha célula procariota dunha eucariota e unha célula animal dunha vexetal, analizando as súas semellanzas e as súas diferenzas.	BXB2.1.1. Interpreta a célula como unha unidade estrutural, funcional e xenética dos seres vivos.
B7.1. Interpretar os métodos de estudo da Terra e identificar as súas achegas e as súas limitacións	BXB7.1.1. Caracteriza os métodos de estudo da Terra sobre a base dos procedementos que utiliza e as súas achegas e limitacións
B7.4. Comprender e diferenciar a teoría da deriva continental de Wegener e a súa relevancia para o desenvolvemento da teoría da tectónica de placas. B7.7. Seleccionar e identificar os minerais e os tipos de rochas máis frecuentes, nomeadamente os utilizados en edificios, monumentos e outras aplicacións de interese social ou industrial	BXB7.4.1. Indica as achegas máis relevantes da deriva continental, para o desenvolvemento da teoría da Tectónica de placas. BXB7.7.1. Identifica as aplicacións de interese social ou industrial de determinados tipos de minerais e rochas.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>1-Valoraranse os resultados acadados nas dúas primeiras avaliacións e a evolución e adaptación do alumnado este singular final de curso.</p> <p>2- Todo alumnado poderá mellorar a cualificación considerando o traballo realizado no último trimestre como entrega de tarefas, actividade na aula virtual, interacción co profesorado..</p> <p>3-O alumnado coa primeira ou /e a segunda avaliacións suspensas poderá recuperarlas con tarefas específicas (realizadas telemáticamente) para eses casos. Unha vez conseguido o aprobado (con 5 como mínimo) nestas avaliacións, podarán mellorar a súa nota final igual que o resto de alumnado .</p> <p>Instrumentos:</p> <p>1-Tarefas e actividades telemáticas</p> <p>2-Dinámica e adaptación ás clases telemáticas: consulta dos materiais a tempo, tarefas e actividades ao día, participación en foros de dúbidas...</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final do curso calcularase do seguinte xeito:</p> <p>1-ALUMNADO COAS DÚAS PRIMEIRAS AVALIACIÓNS APROBADAS: A media entre as dúas primeiras avaliacións máis a cualificación obtida no terceiro trimestre (+ 0,2 puntos por cada tarefa entregada e cualificada a través da aula virtual) será a nota final de xuño.</p> <p>2-ALUMNADO COA PRIMEIRA E/OU SEGUNDA AVALIACIÓNS SUSPENSAS. A media das cualificacións obtidas nas probas de recuperación das avaliacións presenciais , mais o resultado que acade nas tarefas realizadas no terceiro trimestre (+0,2 puntos por cada tarefa entregada e cualificada a través da aula virtual).</p>
Proba extraordinaria de setembro	<p>En principio convocarase ao alumnado a unha proba presencial en setembro. Nela entrarán unicamente os contidos e estándares traballados na primeira e na segunda avaliación</p>
Avaliación de materia pendentes	<p>A totalidade do alumnado de 1º superou as materias deste departamento correspondentes a niveis anteriores xa que promocionou a bacharelato</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	1-Elaboración de resumos e resolución de actividades do libro de texto, visualización de videos , incorporación de materiais de ampliación a través de clases grabadas, realización tarefas semanais,foros de novas coa actualidade do momento (vacinas, virus...) consulta e resolución de dúbidas....
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	1-Todo o alumnado presenta conectividade. 2-Semanalmente visualízanse videos ou grábanse explicacións con ampliación de contidos para acadar tódolos estándares en cada unha das unidades didácticas do nivel. Paralelamente e a través da aula virtual, e coa axuda do texto repásanse estándares xa impartidos. Ao final da semana resólvese unha tarefa que debe cualificarse a través da aula.
Materiais e recursos	1-Aula Virtual 2-Correo electrónico 3-Grupo de WhatsApp 4-Explicacións grabadas e enviadas nas plataformas arriba indicadas.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	A información contida neste documento será trasladada ao alumnado por correo electrónico ou pola aula virtual.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro, dentro da sección do departamento de Ciencias Naturais Publicación obrigatoria na páxina web do centro.